



**Miren Agur Meabe. Nada en Lekeitio (Biscaia) en 1962, Miren Agur Meabe, mestra e filóloga vasca, traballou no ensino e na elaboración de libros escolares en éuscaro.**

**O seu primeiro libro editouse en 1986 e reunía contos baixo o título *Uneka... gaba (Por momentos... a noite)*. Ata o pasado ano habería que agardar por unha nova entrega narrativa: *Zazpi orduak*. Pero Meabe é ademais autora dunha extensa obra de literatura infantil e xuvenil pola que é moi coñecida en Euskadi, e que adoita acadar tamén edicións en castelán e outras linguas do Estado. Comezou en 2001 con *Bisita* e continuou no mesmo ano con *Itsaslabarreko etxea (A casa do cantil)*. Por dita obra recibiu en 2002 o Premio Euskadi, que volvería acadar en 2007 por *Urtebete itsasargian (Un ano no faro)*, distinguida tamén polos**

**lectores mozos co Premio Liburu Gaztea 2008.**

**Como poeta debutou en 1999 con *Oi, hondarrezko emakaitz*, ao que seguiu, no 2000, o exitoso *Azalaren kodea (O código da pel)*, Premio da Crítica Española 2001. O seu novo e esperado poemario saiu hai poucos meses, en 2010, co título *Bitsa eskuetan (Escuma nas mans)*.**

**Galardoada en 2007 co Premio Lauaxeta pola súa traxectoria literaria e profesional, Miren Agur Meabe ten participado en Encontros Literarios Internacionais en Vitoria-Gasteiz, Dublín, Vjlenica (Eslovenia) e Edimburgo, en Feiras do libro como a de Frankfurt, Institutos Cervantes coma o de Viena ou nos Centros de Estudos Vascos de Santa Bárbara e Reno. Así mesmo, textos seus teñen visto a luz en múltiples antoloxías e libros colectivos, ou foron traducidos a outras linguas coma o inglés, esloveno, macedonio, alemán, portugués, catalán, galego, castelán e mesmo braille.**

#### **OHAR LABURRAK - 1**

*Atzo izara bat erre zitzaidan.  
Erre egin nuen lisaburdinaz.  
Ogi xigortuaren koloreko triangelua estanpatu nion  
telebistaren erruz.  
Beti izaten dut piztuta sukaldeko telebista txikia  
arropa lisatu behar dudanean:  
gerrako haurtxo beltz bat  
ama hilaren titia miazkatzen ari zen.  
Ilezko korapiloa egin zitzaidan eztarrian.*

*Ez zait ahaztuko,  
esneak sujetadorea umeldu zidan eta.*

#### **NOTAS BREVES - 1**

*Ayer se me quemó una sábana.  
La quemé yo, con la plancha.  
Le estampé un triángulo color pan tostado  
por culpa de la tele.  
Siempre tengo encendida la tele pequeña de la cocina  
cuando toca plancha:  
un niño negro de la guerra  
chupaba el pecho de su madre muerta.  
Se me hizo un nudo de pelo en la garganta.*

*No se me olvidará:  
la leche me mojó el sujetador.*

21 de febreiro de 2011  
Casa da Cultura  
Salvador de Madariaga  
(Rúa Durán Loriga, 10)  
20:30 h  
Entrada libre

## **Claudio Rodríguez Fer** **Poetas di(n)versos**



**Concello da Coruña**  
Concellaría de Cultura



**Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956)** é, ademais de poeta, ensaísta, narrador, autor de teatro e de poesía visual. Foi catedrático de Literatura en Galicia, así como profesor en universidades de Nova York, Bretaña e Santiago de Compostela, onde actualmente dirixe a revista literaria *Moenia* e a Cátedra Valente de Poesía e Estética. Coordina a revista *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*. Publicou, disertou e recitou en numerosos lugares de Europa, América e África. Dirixiu diversos congresos e encontros e participou en decenas de actas, enciclopedias e revistas europeas e americanas.

Como estudoso é autor de obras críticas, ensaios e edicións realizadas en torno

a autores galegos como Fole, Valente, Castelao, Dieste ou Carballo, e non galegos como Dostoievski, Machado, Borges, Neruda ou Brassens.

Como poeta, traducido a unha decena de idiomas, publicou os poemarios eróticos *Poemas de amor sen morte* (1979), *Tigres de ternura* (1981), *Historia da lúa* (1984), *A boca violeta* (1987) e *Cebra* (1988), libros reunidos en *Vulva* (1990) e antologados en *A muller núa* (1992); así como *Cinipoemas* (1983), *Extrema Europa* (1996), *A unha muller descoñecida* (1997), *Moito máis que mil anos* (2000), *Víaxes a ti* (2006) e *Unha tempada no paraíso* (2010). *Lugo blues* (1987), *A loita continúa* (2004) e *Ámote vermella* (2009) compoñen a súa triloxía poética da memoria histórica.

#### POESÍA

*Non escribo con máis tinta  
que a traza do teu fluxo.  
Pero vou cara ao teu corpo  
e a vida non se escribe.*

#### CORPO

*Pasado e futuro non existen.  
Agora ti es unha cadela.  
E só hai tempo para o presente  
se latexa na túa vulva.*

#### ANIMAL

*Ti ofrecíaste como unha egua.  
Ti buscabas o pracer como unha poldra.  
Ti desexabas como unha besta en cío.  
E facías o amor como unha muller.*

#### GREVE

*Pero non amádeme. Non lédeme.  
Eu non teño outra bandeira  
que as túas bragas nin máis patria  
teño que as túas bágoas.  
E ámote soamente con todo o que teño.*

21 de febreiro de 2011

Casa da Cultura  
Salvador de Madariaga  
(Rúa Durán Loriga, 10)  
20:30 h  
Entrada libre

## Miren Agur Meabe

### Poetas di(n)versos

Barro Salgado Santana (Grupo Revisión)

Gráficas Mera C 277-2011



Concello da Coruña  
Concellaría de Cultura